

**“Saúde e océano” é un dos primeiros capítulos do libro editado por Xerais-narrativa “Contos do mar de Irlanda”, de Xurxo Souto, o que fora vital cantante dos “Diplomáticos do Monte Alto”. A escrita empeza así:**

Por esta banda, nas competicións de pombas mensaxeiras destacan un feixe de familia campioas. Os seus avós chegaron do norte, das illas Británicas. Mesmo houbo unha que escachou o ovo no propio pombal da raíña de Inglaterra.

Non foron mercadas en subhasta nin en concurso columbófilo ningún. Trouxéronas até acó o destino, os refachos dos ventos... e os barcos do Gran Sol.

Gaivotas e pardelas acompañan os pesqueiros durante a marea toda. De cando en vez tamén aparecen en cuberta paxaros de terra. Merlos, xílgaros ou mouchiños, arrastrados polas tormentas moi lonxe do seu niño. Despois de voar horas e horas sobre o nada, algúns teñen a sore de albiscar un barco. E nel buscan agarimo, exhaustos, entre as malletas.

Mouchiños, merlos... e pobas mensaxeiras. Que segredo no seu papo nos traerán?

... ..

## Xurxo Souto *Contos do mar de Irlanda*



XERAIS  
narrativa